



IES DE AMES

PREMIOS Á INNOVACIÓN E BOAS PRÁCTICAS

Categoría B

Niveles: Todos os cursos ESO e BACHARELATO

PROYECTO ESLABÓN

Viaxe no tempo. O musical 2011-13



Coordinador: Federico Bouza Betriu. Autores: Renata Otero Ramallal, Sonia Röher Sobrino, Xoan-Xil López, M^a Jesús Boo Feijoo, Paz Peña Villamide, Antonio Vázquez Cardesín, Nazaret López

Creación, diseño e posta en escena dun musical: O Eslabón. A montaxe dun musical é a escusa para conseguir que o alumnado aprenda as estratexias básicas do traballo en equipo, da asunción de roles e aprenda as competencias básicas que precisará nunha actividade profesional.

Táboa de contido

CONTEXTUALIZACIÓN:	3
Xustificación	3
Ambito de aplicación	5
Profesorado implicado:	6
Ámbito temporal:	7
Documentos organizativos	7
ACTUACIÓN DESENVOLVIDAS:	7
RECURSOS EMPREGADOS E METODOLOXÍA DE TRABALLO:	13
Formación dun equipo	13
A construción do guión:	14
Ensaio	14
Elementos escénicos:	14
Música:	15
Coreografías:	15
Canto:	16
Carteis e entradas	16
Escenografía:	17
Luz e son	17
Vestuario:	18
Maquillaxe e peiteado:	18
Estudio xurídico da obra:	18
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E INDICADORES DE LOGRO	18
PROPOSTAS DE CONTINUIDADE E MELLORA	19
AGRADECEMENTOS	19
ANEXOS (EN CD)	20

CONTEXTUALIZACIÓN:

Xustificación

O IES de Ames

O Instituto de Ensino Secundario de Ames foi creado no curso 1995-96, e nel desenvólvense as actividades correspondentes ao Ensino Secundario Obrigatorio e ao Bacharelato. A súa primeira singularidade é que atende á poboación de Ames, o Concello coa idade de poboación máis nova de España. Ames duplicou a súa poboación nos últimos vinte anos. A súa media de idade é de 36 anos. Só o 11% dos amienses teñen máis de 65 anos.



O movemento inmigratorio presenta unha taxa moi alta, xa que un 48% da poboación actual de Ames procede doutros lugares. Só un 34% dos habitantes do municipio naceu nel.

Con estes antecedentes explícase a profunda diversidade que encontramos no alumnado. O instituto ten alumnado inmigrante das máis diversas procedencias: Suíza, Alemaña, Rusia, Bosnia, Arxentina, Colombia, Chile, Perú, República Dominicana, Cuba, China e Corea. Entre ou resto do alumnado, que poderíamos denominar autóctono, atopamos tamén notoria diversidade. Por unha parte o alumnado procedente do medio rural, que representa a poboación afincada non municipio de antigo. Doutro, a poboación de Bertamiráns, de onde procede un nutrido grupo de alumnos ao que se pode atribuír unha procedencia urbana.

Por último debemos destacar un grupo non numeroso, pero significativo e definatorio do Instituto, procedente do lugar denominado Castiñeiro do Lobo, de etnia diferenciada, integrado por moixantes que presenta peculiaridades no proceso de integración.

O alumnado no curso 2012-13, cun total de 625 alumnos agrupados nun total de 28 clases, estivo atendido por un total de 55 profesores, dos que 2 integran o Departamento de Orientación, cunha Orientadora e unha profesora de Pedagogía Terapéutica, e por un equipo de persoal non docente integrado por 9 persoas. Como a composición do centro, tanto a nivel do alumnado coma do profesorado, está baseada na diversidade, esta é tamén carácter do IES de Ames. As actividades do Centro ao longo dos últimos anos foron diversas e centradas en diferentes aspectos da cultura, de forma que desen resposta ás distintas capacidades e intereses do alumnado. Entre todas as actividades, as teatrais e musicais son as que supuxeron ata o momento a maior resposta do alumnado e as familias. Desta forma, a elaboración dunha grande obra musical converteuse nos últimos catro anos no núcleo integrador da diversidade de actividades do Centro e un elemento facilitador, tanto da convivencia no Centro como do fomento da creatividade e a aprendizaxe entre o alumnado.

Un proxecto para o centro: o eslabón

Solucionar algúns dos problemas de integración escolar, relacionar as diferentes actividades e dotalas dunha coherencia e centro de gravidade común, conseguir que o

tempo libre do alumnado se dedicase a tarefas creativas e produtivas, eliminando condutas de risco, foron os tres obxectivos básicos do proxecto que comezou a xerarse no curso 2011-2012.

Os nosos focos centráronse principalmente en dúas áreas temáticas a desenvolver: o Desenvolvemento persoal e Intelixencia emocional, ao mesmo tempo que atendiamos á integración de alumnado con risco de exclusión social.

Tratábase de realizar unha actividade que lograrse integrar a todo o alumnado, buscando a retroalimentación do alumnado máis excelente sobre aquel que se caracteriza por estar en risco de fracaso escolar. Intentamos deseñar unha estratexia de traballo que conseguise algúns obxectivos básicos:

1. Centrar a actividade no desenvolvemento das competencias do alumnado a partir da intelixencia predominante en cada un deles. Entendemos que as competencias que debe adquirir o alumnado dependerán, na súa forma de expresión, sobre todo das súas capacidades intelectuais.
2. Dar protagonismo ao alumnado, logrando que as súas capacidades sexan coñecidas e valoradas no seu ámbito a través das súas producións e as súas achegas ao todo común. Este protagonismo é o verdadeiro eixe da diversidade, que permite aplicar as diferentes capacidades ao logro dun resultado común no que a cada un se lle recoñece o seu particular contribución.
3. Potenciar ao alumnado con menor éxito educativo ou con problemas de exclusión social, proporcionándolle tarefas nas que desenvolverse con éxito e fomentar a pertenza a un grupo e as competencias de cooperación e colaboración.
4. Promover procesos de mellora orientando as actividades do centro cara un foco común.
5. Aproveitar as sinerxías conectando de xeito natural as actividades de todos os departamentos do Centro. Deste xeito íranse implementar traballos interdisciplinares que redundarán posteriormente na calidade do ensino a nivel global.
6. Dar visibilidade social ás actividades a través de diferentes canles de comunicación e fomentando a relación co ámbito próximo ao Centro.
7. Dar cabida á participación de todos os elementos da comunidade educativa que queiran colaborar: Familias, Profesores, Servizos Sociais, Ampas, Concello...

A aposta pola creación, montaxe, realización e representación dun musical estivo determinada pola variedade de tarefas que implica, as posibilidades expresivas que formula e a necesidade de desenvolvemento da competencia social e cidadá que supón. O noso obxectivo foi abordar esta tarefa producindo unha compañía que cubriese todos os aspectos necesarios para a creación dunha obra orixinal e a súa posterior posta en escena, traballando o proceso coma se dunha empresa cooperativa se tratase.

A obra musical proposta para o período 2011-2013 titúlase "Viaxenon tempo", unha experiencia educativa bianual, que consiste na realización dunha obra escénica orixinal que integra teatro, música, danza, malabarismos, acrobacias, cun fío argumental que

supón un percorrido histórico dende un futuro inmediato ao bordo do colapso, ata o pasado máis remoto da humanidade, na busca dunha cura para os problemas da nosa sociedade. Ao longo do camiño, unha serie de figuras relevantes na historia irán dando pistas ao Viaxeiro para encontrar a solución buscada. A participación de case todos os departamentos do instituto no proxecto, xustifican a consideración desta actividade como un posible modelo de transversalidade e colaboración entre departamentos cun obxectivo común.

Pero tamén ten esta actividade vocación de "experiencia cristalizante", termo acuñado por David Feldman en 1980, para definir os "puntos clave" no desenvolvemento dos talentos, habilidades ou capacidades dunha persoa. As experiencias cristalizantes son como "gatillos neurais" que, nalgunhas persoas, activan unha intelixencia e inician o seu desenvolvemento. Dar ao alumnado a posibilidade de medir as súas forzas nunha empresa que permita expresar as súas capacidades, coñecementos e actitudes é desenvolver a intelixencia dunha forma emocional, que na adolescencia pode converterse en intelixencia vocacional.

Ambito de aplicación

O ámbito de aplicación é todo o centro, de modo que implica a todos os cursos dos dous ciclos de Ensino Secundario Obrigatorio e aos de Bacharelato e á maioría do profesorado do Centro. Como a actividade é un proxecto para o centro no seu conxunto, está aberta á participación de calquera alumno ou profesor do Instituto que queira participar nela, en calquera das diferentes facetas que involucra a actividade. A participación do AMPA do Centro e as nais e pais que quixeron colaborar a desenvolver o vestiario, o transporte ou os labores de soporte, tamén foi crucial. Pero tamén cabe resaltar a cooperación doutros centros educativos ao desenvolvemento da actividade, sobre todo ás postas en escena. Así, contamos coa axuda do alumnado dos ciclos de Peiteado e Estética do IES Lamas de Abade, e do alumnado do ciclo de Fotografía do IES Xelmírez I, ambos os dous de Santiago de Compostela.

A participación na actividade pode ser individual, aceptando tarefas e funcións a título individual, ou de forma colectiva, a través do grupo-clase de referencia, para a subministración dun servizo á actividade xeral.

O número total de alumnos e alumnas participantes directamente na representación do musical é de 125 nos dous anos (92 +33), tendo en conta os intérpretes, os equipos encargados de música, iluminación, son, vestiario, decorados... A este número hai que sumar o conxunto do alumnado que participou elaborando os elementos escenográficos ao longo do curso escolar, aproximadamente outros 200 alumnos. En canto ao profesorado directamente implicado na representación, foron 10. En total, tendo en conta o guión e a dirección dos diferentes equipos, un total de 18 profesores, representando a todos os departamentos do centro, atenderon ás diferentes funcións que requiría unha empresa deste tipo: Equipo de guionistas, coreografías, actores, equipo de iluminación, equipo de son, equipo de maquillaxe e vestiario, equipo xurídico, músicos, escenografía e decoración, equipo de tecnoloxía, gabinete de prensa e promoción, equipo de produción e dirección.

Especificamente participan de modo grupal, con funcións determinadas:

- Tódolos alumnos de 3º do Programa de Diversificación Curricular.
- O alumnado de 1º, 3º e 4º de ESO da materia de Plástica e 1º de Bacharelato de Debuxo Técnico, que participa no desenvolvemento da escenografía do musical.

- Todo o alumnado de Electrotecnia de 2º de Bachillerato, que desenvolveu os elementos tecnolóxicos e a construción da “máquina do tempo”, imprescindible na escenografía.
- Todo o alumnado de 1º de Bacharelato (modalidade de Ciencias), que conformou a pirámide humana posta en escea na representación do musical.

Profesorado implicado:

Federico Bouza Betriu, de Educación Física. Grande afeccionado ao baile. Con ampla experiencia en dirección deportiva. Fixera montaxes teatrais complexas no IES Monte de Conxo, de onde chegou ao noso centro no curso 2007-08. É o director e produtor da obra.

Paz Peña Villamide, de Bioloxía e Xeoloxía. Con ampla experiencia en distintos tipos de baile. Participou directamente en escena cos alumnos. Desenvolveu e ensaiou parte das coreografías, e colaborou en aspectos científicos do guión.

Xoan-Xil López Rodríguez, de Música. Participou en diversas formacións instrumentais cos teclados e a guitarra, e asumiu a dirección e traballo co grupo musical.

Renata Otero Ramallal, de Educación Plástica e Visual. Ten unha ampla experiencia como artista (máis de setenta exposicións realizadas), e transmítea aos seus alumnos no modo de enfocar o seu traballo creativo, centrándose en obxectivos, comprensión do medio e do contexto. Asumiu co seu alumnado a produción dos decorados e os elementos escenográficos.

Sonia Rohrer Sobrino, de Música. Ademais da súa formación musical académica, desenvolveu a súa afección ao canto, sendo integrante de diversas formacións corais, unha delas especializada en música do Renacemento. Organizou e preparou as voces e os coros que participaron na obra.

Antonio Vázquez Cardesín, profesor de Tecnoloxía. Recentemente incorporado ao Centro, na súa traxectoria profesional como físico o máis relevante foron os seus traballos no GSI (Darmstadt). Ocupouse principalmente de coordinar e dirixir ao alumnado de Electrotecnia de 2º de Bacharelato para o deseño e construción da máquina do tempo.

Nazaret López, directora de Radio Ames, guionista e profesora de teatro e interpretación. Dirixiu e coordinou as actividades de interpretación.

Eva Garea Traba, profesora de Filosofía e Ética. Moi interesada nos procesos de investigación co alumnado, dirixiu o estudo xurídico de caso sobre os recursos alleos empregados na obra.

Margarita Olivar Roldán, profesora de Grego e coordinadora do equipo de biblioteca, colaborou en coreografías para moitas das escenas, realizou funcións de asesora científica e histórica e participou directamente en escena.

Mª Jesús Boo Feijoo, profesora de Física e Química. Ademais de participar directamente en escena, responsabilizouse do equipo de vestiario, coordinando e dirixindo as actividades de pais e nais involucrados.

E tamén participaron na elaboración do guión e outras tarefas: **Fernando Raposo**, de Matemáticas, **Anxo Sampedro**, de Filosofía, **Lucinda Sousa**, de Inglés, **Jesús Fidalgo**,


de Física y Química, **Mercedes Pazos**, de Economía, **Félix Boquete**, de Lingua Castelá, **M^a Jesús García**, de Lingua Galega, e **M^a Isabel Valiela**, de Ciencias Sociales.

Ámbito temporal:

O proxecto "Eslabón" leva en marcha 5 cursos académicos. No curso 2008-2009 representouse "Como a auga". Nos cursos 2009-2012 "Folía en Semasei". A actividade actual "Viaxe non Tempo" ocupou todo o curso escolar 2011-12 e os dous primeiros trimestres do 2012-2013. Iníciase recén comezado o curso, e as representacións finais do primeiro curso tiveron lugar na primeira semana do mes de xuño, co fin de permitir que posteriormente o alumnado puidese centrarse nos exames finais. No curso 2012-2013 retómase a actividade en setembro e as primeiras representacións teñen lugar en febreiro de 2013. Os ensaios proseguen despois da primeira representación, co fin de preparar a representación do Auditorio de Galicia, que tivo lugar en abril de 2013. Actualmente segue vivente, á espera da última representación en outubro de 2013.

Documentos organizativos

O proxecto é unha actividade interdisciplinar e ocupa, fundamentalmente, os períodos extraescolares. Está incluído así na Memoria de actividades extraescolares e nas memorias dos diferentes departamentos colaboradores. Ademais esta actividade inclúese dentro da Memoria anual da Biblioteca, xa que a implicación desta instancia nas distintas labores de desenvolvemento é fundamental, ao tratar o proxecto coma un proxecto integrado que xera, á súa vez múltiples actividades de lecto-escritura e traballo audiovisual.



O desenvolvemento do proxecto pode verse no blog: <http://oeslabon.wordpress.com>

Galería de fotos en:

<https://www.facebook.com/media/set/?set=a.410573649025963.97296.182063811876949&type=3>

ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS:

Co fin de que os contidos desenvolvidos na obra cumprisen unha finalidade educativa e exercesen de elementos interdisciplinares, abordouse a temática da viaxe no tempo, deste modo o alumnado pode integrar e desenvolver o seu sentido da historia, ao mesmo tempo que os diferentes departamentos e áreas puidesen integrar parte dos seus contidos no fío narrativo da historia.

A representación final da obra: Ao final do primeiro ano (2011-2012), a obra foi representada 5 veces no mesmo día cunha duración de hora e media cada unha. Para o desenvolvemento destas representacións organizouse un equipo de azafatas e utilizáronse as dependencias



municipais do Concello, co fin de facer accesible a obra a toda a comunidade educativa. Á primeira representación invitouse a todos os estudantes do último curso de Primaria dos colexios adscritos ao IES. Nas sucesivas representacións da mañá asistiron a totalidade do alumnado do IES, e un total de 450 persoas nas sesións de tarde.

No curso actual (2012-2013) repetiuse a representación nas dependencias municipais, con 4 representacións de hora e media cada unha. Repetiuse o proceso facendo accesible a obra á totalidade do alumnado en sesións de mañá, e a familiares e público en xeral nas sesións de tarde.

Posteriormente representouse no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela, dentro do Ciclo dedicado a "Concertos Didácticos" para escolares. Á sesión de mañá, reservada para centros escolares, acudiron un total de 669 alumnos de diversos centros educativos de Galicia, e á sesión de tarde, para o público en xeral, acudiron un total aproximado de 800 persoas.

Argumento: Nun mundo ao borde da destrución, uns VIA XEIROs inician unha viaxe nunha máquina do tempo.



O Viaxeiro iniciará un percorrido por diferentes épocas históricas e atoparse entre outros con:

- Dalí no seu taller de pintura, cos seus reloxo brandos, onde aparecen nunha escena case surrealista con Einstein e Madame Curie; xuntos elucubrarán acerca da teoría da relatividade e os neutrinos. O argumento é unha proposta do departamento de Física e Química.



- Con Darwin, que nos guiará por un show sobre a evolución das especies, a proposta do departamento de Bioloxía y Geoloxía.



- Con Descartes na corte da raíña Cristina de Suecia. Proposta e guión do departamento de Filosofía.



- Con Hamlet, onde entre lúgubres coreografías con caveiras escoitaremos, en lingua orixinal, o célebre monólogo do príncipe de Dinamarca. Proposta e guión do departamento de Inglés.



- O cabaleiro Don quixote e o seu fiel escudeiro Sancho, onde repasaremos os ideais amorosos e o peculiar xenio do Cabaleiro da Triste Figura. Proposta do departamento de Lingua e Literatura Castelá.



- Co xenio Leonardo da Vinci o noso viaxeito buscará respostas ás dúbidas que acosan ao ser humano. Proposta e gui3n da materia de italiano.



- Con Ibn Jaldún, viviremos as orixes da economía actual. Proposta e guión da materia de Economía.



- Na Idade Media cristiá reviviremos a peste, a través da música e a danza. Proposta e guión dos departamentos de Xeografía e Historia e Educación Física.



- Con Hipatia, representáanse as teorías xeocéntricas e heliocéntricas mediante a declamación en grego e a danza. Proposta e guión do departamento de Grego, co apoio do departamento de Física e Química.



- Co Rap de Pitágoras e o seu teorema, enlázanse as matemáticas e a música máis contemporánea. Proposta e guión dos departamentos de Matemáticas e Cultura Clásica.



- Coa raíña Hatshepsut e Imhotep, en Exipto iremos ao inicio da Ciencia de Oriente e Occidente. Proposta dos departamentos de Educación Física e Xeografía e Historia.



- A obra remata na Prehistoria, onde chegan os Viaxeiros para protagonizar unha segunda orixe da humanidade.



RECURSOS EMPREGADOS E METODOLOXÍA DE TRABALLO:

Para a realización do musical foi necesario organizar espazos e tempos. Nun primeiro momento a ocupación de recreos foi a solución para as primeiras actividades, pero posteriormente fíxose necesario estender a actividade ás tardes. Habilitouse a apertura do Centro os mércores pola tarde durante o primeiro ano, e conforme foron avanzando as esixencias da actividade fíxose necesario, a partir do segundo ano, ensaiar luns e mércores, usando ademais espazos municipais para os ensaios. Así, o Concello de Ames cedeu o uso do escenario da Casa da Cultura, na localidade de Bertamiráns.

En xeral, desenvolvéronse seis tipos de actividades ao longo da experiencia:

Formación dun equipo

Asignación de funcións, tarefas e papeis: Aínda que a vocación da actividade é integrar o maior número de alumnos e alumnas posibles, sen atender como requisito a capacidades demostradas previamente, si que se facía necesario distribuír o alumnado en función tanto dos seus intereses coma das súas habilidades, para asegurar o éxito e a retroalimentación do proxecto. Para iso coordináronse as seguintes reunións:

- Realización de entrevistas iniciais para obter información sobre as habilidades individuais, desexos e problemáticas individuais.
- Casting para a asignación de tarefas. Sobre a experiencia do musical do bienio anterior incluíronse probas de vocalización, canto, interpretación, expresión corporal e outras. Incorporáronse ao musical a práctica totalidade dos aspirantes.
- Selección de candidaturas por parte do equipo de profesores para a execución dos distintos equipos (vestiario, escenografía, atrezo, maquillaxe...).
- Audición para a construción da orquesta musical.

A construción do guión:

Solicítase a todos os departamentos que propoñan un posible escenario para unha parte do percorrido do viaxeiro no tempo e propoñan o desenvolvemento dunha escena na que o Viaxeiro pregunte un personaxe destacado da súa área de coñecemento sobre as posibilidades de cambiar a historia.

Con todos os elementos achegados o equipo de redacción elabora unha proposta inicial de guión, que se verá modificada progresivamente. O guión elabórase por fases, en colaboración cos equipos de coreografía e de música.

- Os guionistas presentan necesidades musicais e coreográficas.
- Os bailaríns ofrecen ou solicitan oportunidades no guión para a realización de coreografías que lles resultan atractivas ou que lles gustaría realizar.
- Os músicos ofrecen posibles temas que encaixen no guión ou que resposten ás súas exixencias; ou formulan propostas de temas que lles gustaría interpretar.

Na elaboración do guión aténdese, polo tanto, non só ao desenvolvemento da propia historia senón tamén ás necesidades expresivas de músicos e bailaríns.

Ensaaios

Imprescindibles para a posta en marcha do musical, os ensaios realizáronse os luns e mércores pola tarde, sábados pola mañá e en recreos. Durante estes períodos o centro permaneceu aberto, para permitir a realización de cada un dos procesos.

Simultaneamente ensaiáronse tanto as accións dramáticas, a cargo de Nazaret López, coma as coreografías e as actuacións musicais, de forma que se permitiu que alumnado que estaba en varias escenas puidese simultanear esta actividade.

Elementos escénicos:

Necesarios para a representación (escenografías, atrezos, coreografías, arranxos musicais...): Para este labor formáronse diferentes equipos de traballo coordinados por un profesor ou profesora en cada caso. Nalgunhas das tarefas estaban implicados varios profesores, debido ao número de alumnos aos que se debía atender. En xeral esta actividade foi levada a cabo durante o período lectivo, ben na aula (creación de escenografía e atrezo cos departamentos de Plástica e Tecnoloxía), ben en períodos de

descanso, como recreos ou extensión de xornada polas tardes (arranxos musicais, ou a preparación e interpretación das coreografías).



Música:

A cargo do departamento de Música. Interpretáanse un total de 15 temas e varios efectos musicais necesarios para simular ambiente de escena. Todas as intervencións musicais están interpretadas en directo por unha banda do Instituto. O conxunto está formado por: piano, clarinete, frauta, teclado/sintetizador, xilófono (ano 1), violín (ano 1), violoncelo, 2 guitarras, baixo, saxo, trompeta, acordeón, percusión e batería. Para a totalidade dos temas realizáronse os arranxos musicais pertinentes, e para garantir o seu uso legal realizouse un estudo xurídico sobre os dereitos de autoría pertinentes.

Coreografías:

A obra integra coreografías de diversos estilos: rock, danza do ventre, danza contemporánea, danzas étnicas, danzas populares, etc.





Canto:

A cargo do departamento de Música. Interpretáanse un total de sete cancións, cantadas en directo sobre o escenario e para as que se realizaron arranxos e letras orixinais. A preparación das voces correu a cargo da profesora Sonia Rohrer e ocupou a maior parte dos recreos do curso académico e as tardes dos mércores.

Carteis e entradas:

Realizáronse os carteis anunciadores das representacións, así como as entradas necesarias para a correcta situación das persoas dentro dos locais. Garantiuse un aforamento limitado para asegurar a seguridade das representacións. A impresión dos carteis e entradas realizouse con medios alleos ao Centro para garantir a súa calidade.



Escenografía:

En conxunto realizáronse máis de 8 decorados diferentes ao longo dos dous anos que durou o proxecto. A construción dos decorados foi realizada por alumnos de Educación Plástica de 1º, 3º e 4º, e por alumnos de Debuxo Técnico de 1º de Bacharelato. Nos dous anos que durou o proxecto realizáronse cambios nos decorados, ben para facilitar o seu manexo, ben para substituír aqueles que se danaron durante as representacións. Tamén participaron os alumnos de 3º de Diversificación, que realizaron a parte correspondente á Grecia antiga.

Un dos elementos máis relevantes da obra, a máquina do tempo, foi deseñada e construída polo alumnado da materia de Electrotecnia de 2º de Bacharelato, dirixidos polo profesor Antonio Vázquez.

Construída totalmente con material reciclable, o deseño é unha síntese de dous conceptos: a representación dos vehículos espaciais das películas clásicas sobre viaxes intergalácticas (do modelo Star Treck e Galáctica) e o concepto de viaxe no tempo desenvolvido pola película Contac. Así se incorporou a idea dos aneis concéntricos rotatorios como motor da nave, producindo unha ilusión de movemento que se ve impulsada polo uso en escena de proxeccións de elementos da Galaxia, fundamentalmente os buratos de verme.

Luz e son:

O desenvolvemento do plan de iluminación e son do musical desenvolveuse en tres fases ao longo do primeiro curso escolar (2011-2012) e posteriormente foi mellorada e adaptada a diferentes escenarios no curso 2012-2013.

Nunha primeira fase, baseada na experiencia do ano anterior e dirixido directamente polo Departamento de Tecnoloxía, realízase un traballo de preparación do material, consistente no cableado e colocación de focos no salón de actos do Instituto. Cóntase nesta fase cun dimer de 6 pistas e un total de 11 focos; 6 pares de 300 W con filtros azul, vermello e amarelo e 5 halóxenos de 500 W, sumando un total de 4.300 W de luz, máximo soportado polo dimer.

Realízanse probas e axustes de son con distintos tipos de megafonía probando distintos tipos de micrófonos, traballando finalmente con tres micrófonos frontais e un cenital. Será este o aspecto máis deficiente, o que dificultará a comprensión de parte dos diálogos cantados.

A segunda fase iníciase cos ensaios previos á representación do musical, que se prolongan ao longo do mes de abril, o mes de maio e primeira semana de xuño de 2012. A complexidade do proceso de iluminación e son pódese observar no guión e implica non só o movemento dos focos, senón tamén a proxección de películas, e o control de distintos efectos sonoros. Para a representación usaranse finalmente 6 pares de 300 W, 11 PC de 1000 W, 3 halóxenos de 1000 W, e o foco de seguimento de 2000 W. Moveranse cos dous dimer de 6 e 12 pistas. Para o son usaranse dúas mesas de mesturas, unha para efectos sonoros e de voz pregravada e outra para instrumentos musicais e megafonía para a escena.

A montaxe foi feita por alumnos de 1º, 3º e 4º de Eso e 1º de Bacharelato. A iluminación e o son foron controladas finalmente por seis alumnos seleccionados: dous para cada unha das mesas de son, un por cada un dos dimer, outro para o control de películas, sendo ademais o xefe do equipo, e outro para o control do foco de seguimento.

Nas representacións do 2012-2013, sobre todo aquelas que se realizaron no Auditorio de Galicia, os plans de iluminación adaptáronse ás circunstancias do escenario, e o incremento de medios dos que se dispoñía, cambiando a iluminación plana de que se dispuxo nas anteriores representacións por unha iluminación adaptada ás distintas escenas.

Vestuario:

Neste aspecto foi onde máis se notou a participación de pais e nais do alumnado. Tamén é de resaltar a cesión polo Centro Dramático Galego daqueles elementos de vestuario dificilmente reproducibles, dado o seu custo. A súa coordinación en escena estivo a cargo dun grupo de sete alumnas do centro. Esta coordinación é complexa, pois se levan a cabo cambios de vestuario rápidos entre escenas, o que requiriu a elaboración dun guión e unha boa coordinación de todos os elementos.

Maquillaxe e peiteado:

A cargo das alumnas do Ciclo Medio de Estética e Perruquería do IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela.

Estudio xurídico da obra:

Formulouse como un traballo de investigación que permitise establecer os mecanismos necesarios para protexer a creación colectiva da obra, como para establecer as condicións de uso dos fragmentos de obras alleas (fundamentalmente musicais) que se usaron na construción do musical. Dúas alumnas encargáronse deste proceso de investigación, que deu como resultado a emisión dun informe xurídico para a protección da obra e para a solicitude de permisos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E INDICADORES DE LOGRO

Destacaremos dun modo especial o nivel de integración logrado entre todos os que participan na actividade. Conseguiuse un nivel de compañeirismo, de sentido de equipo, de apoio mutuo e de solidariedade dignos de ser resaltados. Intégranse, como era o obxectivo, rapaces e rapazas de todas as procedencias sociais, de todos os niveis académicos, de capacidades variadas, de todos os ambientes, sen que se apreciase nunca ningún tipo de actitude discriminatoria.

O valor artístico do realizado é dificilmente obxectivable. A valoración que recolleemos por parte de amigos implicados, a nivel profesional ou afeccionado, en actividades teatrais ou escénicas foi moi positiva.

As representacións foron seguidas con interese manifesto por parte do alumnado do centro, dende 1º da ESO ata 2º de Bacharelato, e non debemos esquecer a asistencia do alumnado de Primaria dos centros de Bertamiráns que, aínda que non comprenden

ben o desenvolvemento da historia, seguen con moito interese a representación pola vistosidade de moitas das súas escenas, como o manifestaron as profesoras destes grupos de alumnos. En total, os espectadores do Musical ao longo destes 2 anos foron preto duns 3500. Acudiron ás representacións 150 alumnos dos colexios de Ames e 679 de diversos centros de Galicia no Auditorio de Galicia.

Os familiares, os amigos e os profesores que non estaban directamente implicados foron, en xeral, particularmente sensibles á representación. Os alumnos senten verdadeiramente a obra como súa. Moitos aspectos desta, cuestións concretas do guión, da coreografía, da escenografía, etc., son da súa elaboración. Poden atribuír con precisión palabras, xestos, movementos, intervencións, a quen achegou a idea, porque todos participaron, nunha ou outra medida, no proceso creativo. E ademais todos, sen excepción, foron testemuñas directas da elaboración do guión.

PROPOSTAS DE CONTINUIDADE E MELLORA

O proxecto propónse como unha actividade bianual fundamentalmente polo carácter educativo. Ao ser unha actividade que involucra a todo o alumnado do Centro son de esperar variacións nos individuos que compoñen o proxecto, tanto a nivel de alumnado (obrigatoriamente) coma do profesorado (traslados, xubilacións...). É por iso que, aínda que as dinámicas dos procesos se manteñen, o tema de traballo, a organización dos equipos, a selección dos intérpretes, deben necesariamente variar. Na actualidade está xa prefigurado o novo proxecto que abranguerá os cursos 2013-14 e 2014-15, e que terá por temática o cine. De momento, e ata que finalice o curso 2013-14, as nosas actividades centraranse en:

- Seguir traballando en Viaxe no Tempo, coas substitucións que sexan obrigadas por abandono do centro dalgúns dos participantes debido a viaxes de estudo; facer as adaptacións necesarias como consecuencia disto; e ver a posibilidade de incorporar novos alumnos que poidan iniciar xa o seu camiño para o bienio futuro.
- Facer representacións externas concertadas con outros centros noutras localidades de Galicia, para as que xa se fixeron contactos previos con diversas institucións.
- Conseguir material axeitado e apoio para facer unha gravación con mínimos requirimentos técnicos e artísticos. Realizar a gravación cinematográfica da obra.

AGRADECEMENTOS

Aínda que a actividade está na súa maior parte realizada polo alumnado e o profesorado do IES de Ames, debemos agradecer a colaboración nesta primeira fase do proxecto de:

O Centro Dramático Galego, pola cesión do vestiario, sen cuxa colaboración a representación non tivese tido a presenza que adquiriu.

As alumnas e alumnos do Ciclo de Estética e Peiteado do IES Lamas de Abade en Santiago de Compostela, que realizaron a maquillaxe e o peiteado.

O alumnado do ciclo de Fotografía do IES Xelmírez I de Santiago de Compostela, que realizou a fotografía das representacións do curso 2012-13.

E, por suposto, agradecemos tamén o apoio de:

O Concello de Ames
A Deputación Provincial da Coruña
A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
A Caixa

ANEXOS (EN CD)